

MEMORIA ANUAL

2022

WWW.SOSRACISMOGALICIA.ORG



Edición dixital SOS Racismo Galicia | A Coruña 2022

*Imaxe de contra capa **Fuco Prado***

Contidos

Presentación | p. 3

Quen somos | p. 5

Construíndo pontes, derrubando muros

Oficina de Información e Denuncia | p. 8

Mediación Intercultural | p. 23

Orientación e Formación | p. 25

Programa Emprégate | p. 27

Servizo de asesoramento xurídico en materia de estranxeiría | p. 29

Financiación | p. 32

PRESENTACIÓN



Unha memoria anual, non é so unha memoria. É un exercicio colectivo de recuperar as accións, os proxectos, o esforzo.

É unha reflexión que nos permite observar o tempo transcorrido e avaliar o traballo realizado. Que nos sitúa no presente e nos permite construír o futuro. Porque so sabendo de onde vimos, entendemos onde estamos e cara onde camiñamos.

Unha memoria anual e o noso diario do ano o noso canastro onde gardamos a colleita. O lugar onde acudir para buscar os exemplos de traballo e seguir sementado.

A Coruña, marzo 2023

QUEN SOMOS



SOS RACISMO GALICIA é unha **organización sen ánimo de lucro, independente, laica, pluricultural e diversa**, que se enmarca dentro da Federación de Asociacións de SOS RACISMO do Estado español.

Os principais fins que perseguimos son

Independencia política e social

Loitar contra calquera forma de discriminación por razón de cor de pel, orixe, cultura ou relixión que se poida dar tanto a nivel social como político.

Sensibilización

Difundir valores, actitudes e prácticas para que a poboación recoñeza, acepte e normalice o carácter pluricultural e multirracial da sociedade galega, e valore positivamente a riqueza que ofrece a diversidade e a interculturalidade.

Inclusión

Promover a inclusión social de persoas migrantes ou pertencentes a minorías étnicas a través do asesoramento e formación en materia de dereitos e acceso en igualdade de oportunidades.

Ámbito territorial

O noso eido de acción é a comunidade autónoma galega, onde traballamos conxuntamente con outras entidades locais para achegar o noso traballo á maior cantidade posible de persoas e ampliar a área de incidencia da entidade.

Ademais coordinámonos coas entidades pertencentes á Federación de Asociacións de SOS Racismo do Estado español para acadar que a nosa actividade teña repercusión a nivel nacional.

CONSTRUINDO PONTES DERRUBANDO MUROS



Oficina de información e denuncia

Mediación Intercultural

Orientación e Formación

Servizo de asesoramento xurídico en materia de estranxeiría

Financiación

OFICINA DE INFORMACIÓN E DENUNCIA

SOS Racismo Galicia ofrece un espazo de información e denuncia para aquelas persoas que teñan sido vítimas ou testemuñas de comportamentos racistas ou xenófobos, que teñan provocado agresión, vulneración dos dereitos fundamentais, aplicación desigual de dereitos e da igualdade de oportunidades. Actualmente dispoñemos de dúas oficinas de atención dentro do territorio galego: unha na Coruña e outra na cidade de Vigo.

Principais liñas de intervención

1º. Información e asesoramento: asesoría integral e gratuíta a toda persoa que teña sido vítima ou testemuña dunha actitude racista ou xenófoba ou ben teña sospeitas do exercicio de situacións discriminatorias.

2º. Resarcimento do dano: O principal elemento diferencial das nosas OID é que tratamos non só de visibilizar o delito que sofren estas vítimas, senón que damos un paso máis aló tratando de loitar tanto por unha condena xudicial que penalice aos causantes destes delitos, como pola necesidade da persoa que sofre o delito de sentirse protexida e recoñecida socialmente como vítima.

3º. Prevención dos delitos xenófobos, racistas e de odio. As nosas OID traballan na prevención deste tipo de comportamentos en todos os espazos da nosa sociedade. Traballamos promovendo posicións proactivas cara á diversidade en rede con outras entidades e movementos sociais, xunto a centros educativos, profesionais, universidades, organizacións de mulleres, etc. desde idades temperás.



Que ofrecemos?

- a) **Apoio xurídico e administrativo** a aquelas persoas que fosen vítimas de discriminación racista e/ou xenófoba.
- b) **Denunciamos** calquera tipo de feito discriminatorio.
- c) **Mediamos** en caso de conflito cultural.
- d) **Informamos** dos seus dereitos ás persoas pertencentes a minorías étnicas.
- e) **Documentamos** os casos de racismo e xenofobia que teñen lugar en Galicia para a súa posterior publicación nos Informes Anuais sobre o Racismo no Estado español.
- f) Realizamos actividades de **formación antirracista e concienciación**.

Informe Anual 2022

A primeira fonte para a elaboración do Informe Anual constitúena as **vulneracións e denuncias que se recollen nas Oficinas de Información e Denuncia (OID) en Galicia (A Coruña e Vigo)** e que corresponden a diferentes tipos de discriminación por motivos racistas: discriminación laboral, no acceso a prestacións públicas, conflitos veciñais, etc. As oficinas de SOS Racismo Galicia tentan combater as situacións de racismo e xenofobia mediante o proxecto de OID, ofrecendo un **servizo de atención integral a aquelas persoas afectadas ou que foran testemuñas de situacións de discriminación por racismo ou xenofobia, mediante unha atención completa e unha asesoría xurídica e social de balde**. O informe está constituído pola relación de aqueles casos de discriminación xenófoba ou racista coñecidos polas Oficinas de Información e Denuncia en Galicia, de modo que non pretende mostrar o total dos casos acontecidos en territorio galego, se non que os asuntos e as cifras recollidas neste informe apenas reflicten una parte da realidade, sendo as condutas discriminatorias acontecidas realmente maiores que as mostradas.




ALERTA! RACISMO!

As situacións discriminatorias son recollidas por SOS Racismo Galicia como observatorio, tanto por ter tido coñecemento das mesmas, por derivación das entidades coas que se traballa en rede, como a través do servizo de asesoramento ás persoas que sufriron ou que foron testemuñas de condutas racistas/xenófobas. Existe unha barreira entre as discriminacións existentes e as discriminacións das que se toma conciencia e se denuncian, sendo un dos maiores obstáculos á hora de denunciar a situación e o contexto da persoa que sofre a conduta discriminatoria.

Deste xeito, moitas das persoas que sofren cada día o racismo e a xenofobia non denuncian estes conflitos pola súa situación de irregularidade administrativa, polo medo e a inseguridade que xera o momento da denuncia, polo descoñecemento de dereitos ou pola idea xeneralizada de que a denuncia non vai ter efectos ou non vai solucionar o problema concreto, entre outros moitos motivos.


Durante o ano **2022** recolléronse en Galicia un total de **214 casos** de discriminación e vulneracións de dereitos. Todos estes casos teñen nomes e apelidos, son persoas que viron violentados os seus dereitos por cuestións de trazos fenotípicos, orixe, razóns relixiosas ou étnicas ou situación administrativa.




Sen pretender ofrecer un estudo cuantitativo do número de incidentes discriminatorios producidos en Galicia durante o ano 2022, cremos que a mostra de 214 casos supoñen un reflexo cualitativo da discriminación nas súas diferentes tipoloxías que nos aproxima a unha realidade que transcende o ámbito penal dos delitos de odio e que polos motivos arriba explicados (diferenza entre feito discriminatorio e feito denunciado, limitacións da entidade, etc.) resulta imposible cuantificar con precisión.

Dos **214** casos rexistrados, 97 persoas atopábanse en situación irregular, 84 persoas en situación regular e 22 a persoas nacionais . O resto dos casos corresponden a observatorio ou colectivos.

Dos casos de vulneracións abertos, 131 corresponderon a mulleres, 78 a homes e 5 a colectivos.



Recollemos a continuación os tipos de vulneracións cos que nos topamos nas OID durante o ano 2022.



FORMACIÓNS CON PERSPECTIVA ANTIRRACISTA

Durante o 2022 seguimos impartindo diferentes formacións.

En vista da dispoñibilidade das persoas interesadas e a flexibilidade ou non, decidimos manter as opcións formativas presenciais e online. Unha das liñas fortes que intentamos favorecer neste sentido foi reforzar a parte formativa para chegar a máis profesionais que poidan estar interesados en dita formación e así dese xeito expandir tamén a sensibilización cara este tipo de problemáticas que sofren moitas persoas. Con cada ano que pasa detectamos a necesidade de complementar a oferta formativa e chegar a público interesado ao que anteriormente destinabamos outro tipo de dinámicas, chegando incluso a manter formacións, concretas, co profesorado dalgúns centros ou institutos de educación secundaria.

RACISMO, XENOFobia E DISCRIMINACIÓN. DETECCIÓN E INTERVENCIÓN Este curso foi impartido para diferentes organizacións profesionais e formación e diferente nivel de imparto que recollemos a continuación.



FORMACIÓNS IES ANXEL CASAL (CORUÑA)_ 27/24/2022-03/05/2022



FORMACIÓN COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA GALICIA_30/03/2022



FORMACIÓN COLEXIO OFICIAL DE TERAPEUTAS OCUPACIONAIS DE GALICIA_19/02/2022




FORMACIÓN COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL GALICIA_22/03/2022

Formación en liña:

Detección e intervención en casos de racismo e xenofobia



FORMACIÓNS IES EDUARDO PONDAL (SANTIAGO)_14/06/2022-15/06/2022



FORMACIÓNS IES FERNANDO WIRTZ (CORUÑA)_ 09/10/2022-10/10/2022



FORMACIÓNS IES MONTE DAS MOAS (CORUÑA)_09/12/2022-21/12/2022



FORMACIÓN IES MONTE CASTELO(BURELA)_24/03/2022



FORMACIÓN IES RAMÓN
MENÉNDEZ PIDAL(CORUÑA)_
13/12/2022



**FORMACIÓN DÍA INTERNACIONAL
CONTRA O RACISMO_ 21/03/2022
FACULTADE DE EDUCACIÓN UDC**



**FORMACIÓN CON MULLERES
MIGRANTES- ACADEMIA
POSTAL**



FORMACIÓN ALBORADA (VIGO)_18/07/2023

Actividades de concienciación

INFORME ANUAL GALIZA 2021

Elaboración e difusión en redes sociais e páxina web o Informe Anual da Oficina de Información e Denuncias 2021. Presentación presencial do Informe Anual de SOS RACISMO GALICIA con extrapolación de datos de vulneracións de toda a comunidade galega.

Nestas recollidas, analízanse os tipos de condutas discriminatorias máis frecuentes, así como os axentes discriminadores que máis presenza teñen e a influencia que a situación administrativa das persoas ten nos episodios racistas e xenófobos. Compres salientar que os datos recollidos nos Informes



anuais de SOS RACISMO GALICIA non se publican con ánimo exhaustivo, nin tampouco con intención de reflectir unha imaxe fixa da realidade dos casos. Isto é: os casos recollidos, os números que aquí ofrecemos, son tan só unha pequena parte dos episodios de discriminación, das actitudes que vulneran dereitos que sofren as persoas migrantes e/ou racializadas.

Participantes: 15 persoas.



INFORME ANUAL-DATOS CORUÑA

Ao igual que fixemos cos datos de vulneracións de dereitos ocorridos na comunidade galega decidimos presentar os resultados para o acontecido na Coruña. A correlación de datos existentes e a natureza das vulneración máis comúns que sofren as persoas que residen na cidade da Coruña permiten facer unha análise máis complexa do que acontece e onde debe dedicarse a labor das entidades que traballan no eido social. Para a presentación escollemos o espazo do Alexandre Bóveda onde puidemos disfrutar dunha xornada moi interesante coas persoas que alí se achegaron.


Participantes: 40 persoas.





MANIFESTACIÓN 12 OUTUBRO (SANTIAGO)_
12/10/2022

COLOQUIO RACISMO E VIVENDA
(CORUÑA)_28/02/2022



ENTREVISTA IES
ROSALÍA DE
CASTRO



FEIRA SOCIAL CANGAS _15/10/2022



FERIA ACAMPA(CORUÑA)_ 09/06/2022-11/06/2022



RECOLLIDA E PARTICIPACIÓN EN DIFERENTES ACTOS DURANTE TODO O ANO 2022
PARA A RECOLLIDA DE SINATURAS POLA ILP (TODA A COMUNIDADE GALEGA)





CONCENTRACIÓNS EN VILAS E CIDADES GALEGAS
POLAS MORTES NAS FRONTEIRAS

III XORNADAS ANTIRRACISTAS SOS RACISMO GALICIA

III XORNADAS ANTIRRACISTAS 2022 SOS RACISMO GALICIA

VENRES 25 DE NOVEMBRO (ESPAZO NON MIXTO)

O FIANDÓN
18:00 - 19:00 Presentación de SOS RACISMO GALICIA
19:30 - 21:00 Iki Yos Piña Narváez Funes - Alianzas con el dolor

SÁBADO 26 DE NOVEMBRO (ESPAZO MIXTO)

O FIANDÓN
12:00 INAUGURACIÓN
12:30 - 13:30 Artemisa Semedo e Elena Ruiz - Bailando Versos

ACÉFALA
17:00 - 18:30 ROLDA DE CONVERSATORIOS
17:00 Camilla Souza - ¿Acaso no soy mujer?
17:20 Michel Adje - Camino de la muerte
17:40 Lammay Pérez - Igualdad y no discriminación de personas Trans en Cuba
18:00 Karina Minutti - Gordofobia y Racismo
18:30 Angello David Caiza - Taller de Salsa Caleña y Estilos latinos
21:00 - 23:00 BLACK GALIC AND DELIRIUM SOUND

MERCADILLO E PETISCOS

SOS RACISMO GALICIA

Dentro deste traballo de visibilización e denuncia sobre a discriminación e os delitos de odio está a elaboración e participación en accións que promovan a concienciación da sociedade. Este ano unha delas foi a organización das **III Xornadas Antirracistas de SOS Racismo Galicia**, nas que foi posible poder compartir de xeito presencial unha fin de semana ben interesante.

Ao longo de dous días de xornadas tivemos a oportunidade de escoitar diversidade de voces dentro a loita antirracista grazas á participación de persoas que viñeron dende distintos puntos de Galiza e do estado Español. Os espazos que ocupamos son dos lugares reivindicativos da cidade da Coruña: A Acéfala e a Librería O Fiandón.

Nun primeiro día o público tivo a oportunidade de participar en obradoiros nun espazo non mixto (só persoas racializadas). Este primeiro día estivo pensado para ser unha xornada de reflexión, achegamento e coidado das vidas e experiencias das persoas racializadas e/ou migrantes. Puidemos disfrutar dunha primeira xornada da man de Iki Yos Piña Nárvaez.

O segundo día, aberto a todo o público, estivo marcado pola potente actuación de Bailando versos, da man de Artemisa e Elena Ruiz (Madrid). O espectáculo e a posta en escena en forma de actuación musical a partir de poesías escritas pola propia Artemisa foron unha boa maneira de comezar a primeira sesión do sábado.

Durante ese primeiro evento as persoas que se achegaron puideron disfrutar e mercar cousas, agasallos no mercado antirracista á vez que probar dos petiscos preparados por Delicias de Najat.

Pola tarde asistimos a unha mesa redonda, formada por varias persoas presentes nos movementos antirracista galegos vindas de diferentes partes do territorio. Dita dinámica foi moi enriquecedora pois puidemos aprender e reflexionar sobre as diferentes experiencias de discriminación e sobre as posibles alianzas que se poden facer no territorio. Entre as persoas participantes tivemos a sorte de escoitar a Camilla Souza, Lammay Pérez, Karina Minutti e Michel Adje.

Acabamos a xornada coa actuación musical de Black Galic and Delirium sound.

MEDIACIÓN INTERCULTURAL



Servicio de Mediación Intercultural: SAMI



O Servizo de Mediación Intercultural implantouse para mellorar a convivencia intercultural do conxunto da poboación establecendo, para tal fin, canles de comunicación e de entendemento que parten dunhas firmes concepcións de igualdade e de respecto entre as diversas culturas. O noso servizo vai máis alá da comunicación oral, xa que comprende o acompañamento social, que se trata de entender a relación social e educativa traballando con recursos, métodos e técnicas diversas para o desenvolvemento persoal e a autonomía das persoas e, dito

doutro xeito, unha forma respectuosa e horizontal de entender a relación entre profesional e persoa atendida.

Dentro deste servizo destacamos varios ámbitos de actuación como: recursos sociais, sanitario, educativo, prestacións, vivenda, laboral etc. Durante o ano 2022, e como consecuencia da cantidade de trámites que son precisos de realizar online, a maioría das actuacións centráronse nos trámites relacionados coa Administración Pública, e por iso, coas prestacións. Ademais das barreiras propiamente lingüísticas que supoñen a necesidade do servizo de mediación, en moitas ocasións as persoas solicitan o servizo polo acompañamento social, isto acontece moito nas actuacións realizadas no relacionado coas prestacións e as entrevistas coas traballadoras sociais. Nestes casos o noso labor estivo en acompañar á persoa, facilitarlle canles de comunicación naqueles casos nas que a lingua constituía a primeira barreira, e tras ter a súa historia social

completa e coñecer as súas necesidades levamos a cabo unha mediación coa administración pública a través dos servizos sociais comunitarios, ou con entidades do terceiro sector para poder dar resposta as necesidades máis básicas e inmediatas.

Do mesmo xeito e como todos os anos, as mediacións relacionadas co ámbito da saúde seguen sendo unha constante xa que en moitos casos as persoas nos solicitan mediacións tanto para acudir a medicina xeral, como para poder facer o trámite preciso para ter asistencia sanitaria.

Outra constante durante o 2022 continuo sendo a necesidade do acompañamento social as entidades bancarias xa que, en moitas das entidades escúseno na falta dun permiso de residencia para a apertura dunha conta. Nestes casos levamos a cabo unha mediación entre a persoa usuaria, a traballadora social dos servizos sociais comunitarios e a entidade bancaria.

É preciso destacar que en moitas ocasións encontrámonos cunha tripla complexidade: por unha banda a falta de habilidade nas linguas locais. Por outra a complexidade do trámite e, por último, en moitos casos, o descoñecemento da cidade, situación que tradicionalmente solucionabamos con un acompañamento presencial e que coa crise da COVID comezamos a tratar de emendar de dúas formas: co envío da xeo localización empregando dispositivos dixitais, máis que por mor da fenda dixital non era válida para todas as persoas. E para as que carecían de acceso a este recurso elaboráronse mapas con cores dende o domicilio de cada persoa ao punto a chegar.

Durante o ano 2022, dedicáronse máis de 800 horas ao servizo de mediación e atendéronse 223 persoas das cales 90 foron mulleres. E como dixemos anteriormente, as principais demandas deste servizo foron no ámbito dos recursos sociais, que ocupan o 75% das actuacións. Por outra banda, o 10% das mediacións correspóndense co ámbito sanitario, o 10% a mediación no ámbito bancario e, por último o 5% no referido a vivenda. Neste último sentido é preciso destacar a gran problemática coa vivenda na cidade de A Coruña, os alugueiros cada vez están máis altos, e as opcións e facilidades para poder acceder aos mesmos son máis complexas e son moitas as persoas que quedan excluídas do acceso a unha vivenda digna por non cumprir os requisitos: contrato de aluguer durante un ano, seguro de impagos, 4 meses de fianza adiantados etc.

ORIENTACIÓN E FORMACIÓN



Un ano máis desenvolvemos o programa de inserción sociolaboral para persoas usuarias dos servizos sociais do Concello de A Coruña.

Traballamos os factores de empregabilidade das persoas participantes a través dunha axeitada orientación, centrada nun itinerario individualizado para así incrementar as súas posibilidades nas diversas opcións de acceso ao emprego, e atendendo a todas as características e particularidades propias de cada unha das persoas.

Os beneficiario/as do noso proxecto foron as persoas inmigrantes e/ou racializadas residentes no concello de A Coruña e que se atopaban ligadas a un itinerario de inclusión social atendendo as seguintes prioridades: mulleres vítimas de violencia de xénero e/ou familias monomarentais, persoas solicitantes e/ou beneficiarias de Renda Social Municipal e persoas en situación administrativa irregular.

POBOACIÓN DESTINATARIA

As persoas destinatarias directas deste servizo foron aquelas persoas inmigrantes que teñen a súa residencia legal e efectiva no Concello de A Coruña e son beneficiarias e/ou solicitantes de Renda Social Municipal ou se atopan con itinerarios de inclusión social.

Persoas beneficiarias directas : 35

Persoas beneficiarias indirectas: 200

Foron seleccionadas un total del 35 persoas das cales 22 participaron nas formacións, e o resto foron atendidas de xeito xeral no eido da atención educativa e laboral e na tradución. Das integrantes dos obradoiros 18 foron mulleres e 4 homes.

As persoas destinatarias indirectas do presente proxecto foron os/as profesionais do sector social, traballadoras e traballadores sociais, axentes chave e persoas referentes no eido social, e parte da actividade empresarial, así como a sociedade en xeral, xa que co proxecto pretendemos chegar a todos eles e así incrementar os niveis de participación social.


Para acadar o obxectivo principal de incrementar o nivel de empregabilidade das persoas participantes traballamos xunto a elas diversos aspectos, entre outros :

- Facilitáronse ferramentas para que as persoas participantes incrementasen o seu nivel formativo e fomentar o empoderamento das persoas.
- Realizáronse itinerarios de inclusión social reais e axeitados as realidades das persoas inmigrantes tendo en conta as necesidades formativas.
- Demos a coñecer as opcións de autoemprego e asociacionismo como vía de regularización administrativa.
- Levamos a cabo material de difusión para a sensibilización cos axentes empregadores.
- Concienciamos sobre a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres no eido laboral.
- Facilitamos ferramentas para o empoderamento e a autoestima.
- Contribuímos a paliar a fenda dixital.
- Analizamos as opcións formativas máis áxiles de cara á inclusión laboral.

Neste proxecto impartíronse os seguintes obradoiros

- Formación básica do cuidador (39 horas)
- Formación básica de limpeza en xeral (30 horas).
- Florecer: obradoiro de autoestima e empoderamento para mulleres migradas (10 horas).
- Obradoiro sobre a novidade de regularización por arraigo de formación (3 horas).

PROGRAMA EMPREGA-TE



No ano 2022 o Programa Empréga-te de acompañamento social as persoas migrantes financiado pola Xunta de Galicia desenvolveuse dende xaneiro a xuño.

Trátouse de mellorar os factores de empregabilidade e as habilidades interpersoais das persoas participantes para favorecer a súa inserción no mercado laboral a través da creación de itinerarios personalizados de inclusión social e

levando a cabo unha prospección do mercado laboral para coñecer os nichos e as saídas menos demandadas.

Os obxectivos que traballamos coas persoas necesitadas deste servizo foron:

- Promover a mellora das habilidades sociais da poboación para dar a coñecer mellor as súas potencialidades.
- Analizar e coñecer o mercado laboral para saber cales son os nichos laborais.
- Levar a cabo actividades de manexo e procura de emprego a través das TICs e coñecer as diferentes APPs de procura de emprego.
- Fomentar ferramentas para a mellora dos factores de empregabilidade para poder facer fronte a entrevistas de traballo.
- Crear unha conciencia crítica na equidade e xénero e dar a coñecer o teito de cristal, os dereitos das mulleres traballadoras, os programas de conciliación laboral municipais, etc.
- Analizar as debilidades e fortalezas da persoas participantes no proxecto para poder elaborar itinerarios de inserción laboral realistas e acorde as súas habilidades e potencialidades.

No primeiro semestre do ano 2022 foron atendidas neste servizo un total de 13 persoas novas, sendo 8 de elas mulleres. Empregáronse un total de 500 horas nestas tarefas.

SERVIZO DE ASESORAMENTO XURÍDICO EN MATERIA DE ESTRANXEIRÍA



Un ano máis traballamos neste servizo, un programa especializado e complementario con respecto á intervención das profesionais de distintos ámbitos. O punto de partida do programa radica no servizo de asesoramento xurídico en materia de

extranxeiría, cuxa misión fundamental é facilitar o acceso aos dereitos básicos ás persoas estranxeiras e/ou pertencentes a minorías étnico-culturais. Deste xeito, asesórase sobre aqueles temas relacionados co ámbito da extranxeiría ou derivados do mesmo, como poden ser todas aquelas solicitudes vinculadas ao exercicio doutros dereitos fundamentais, como o acceso á xustiza, á educación, á asistencia sanitaria, etc.

Salientar que dita intervención posúe un carácter complementario e/ou subsidiario, o que vén significar que, na medida en que existan outros axentes sociais mellor situados ou competentes para responder ás mesmas, o servizo de asesoramento xurídico limitarase á súa derivación. En calquera caso, este servizo tomará en conta o grao de accesibilidade dos mencionados recursos, sempre axustando o seu nivel de intervención ás necesidades específicas de cada persoa.

Durante o ano 2022 o servizo traballou na oficina da Coruña esencialmente na área metropolitana da Coruña, comprendendo os concellos da Coruña, Oleiros, Arteixo, Culleredo, Cambre, Sada, Betanzos, Laracha, Bergondo e Carral e, a tamén na oficina de Vigo a persoas residentes en calquera concello galego, especialmente da provincia de Pontevedra.

Este servizo desenvolveuse na maioría dos casos como un servizo principal e iniciador de numerosas solicitudes, sobre todo, en materia de permisos de residencia, solicitudes de protección internacional e asistencia sanitaria. Noutras ocasións, o servizo foi complementario na resolución de cuestións ou conflitos derivados por outras entidades ou organismos públicos, asumindo a tramitación subsidiaria dos procedementos necesarios para a súa corrección.

Atendendo á materia especializada ante a que nos atopamos e ao estudo que cada procedemento pode levar, a atención realízase de forma organizada, mediante o servizo de cita previa. Posteriormente, expostas as necesidades pola persoa demandante do servizo, procédese ao estudo do caso concreto concertando unha segunda cita que na maioría dos casos iniciaba o trámite necesario ou propoñía as posíbeis vías de tramitación da solicitude ou solución do conflito.

Dentro do Servizo Xurídico en Estranxeiría, establecéronse unha serie de obxectivos, entre os que cabe salientar:

- o Facilitar os procesos de inclusión social ás persoas estranxeiras de terceiros países, a través da apertura de puntos de asesoría xurídica que traballen atendendo á perspectiva de xénero.
- o Mellorar os procesos de inclusión por medio do coñecemento de dereitos en materia de estranxeiría.
- o Apoiar nos procedementos xurídicos e nos trámites de regularización, reagrupación familiar, solicitude de autorizacións de residencia e/ou traballo, solicitude de tarxetas ou certificados, procesos de protección internacional, etc.
- o Defensa dos casos de vulneración de dereitos fundamentais.

Existe un gran número de migrantes que chegan a territorio español coa necesidade de tramitar o seu permiso de residencia, así como o dos seus familiares. Na meirande parte dos casos, descoñecen cales son os seus dereitos e como facelos efectivos, pois a miúdo, é debido á gran cantidade de información recibida -moitas das ocasións obtida en foros e páxinas de internet- que en ocasións é errada ou non axustada á realidade.

Asisten tamén a este servizo moitas persoas que demandan un asesoramento xurídico pola necesidade de presentar un recurso contra algunha resolución de desestimación ou denegatoria de solicitude.

No desenvolvemento deste servizo detectouse novamente a gran demanda por parte da poboación estranxeira dun asesoramento especializado en materia de estranxeiría, protección internacional e nacionalidade, así como doutros dereitos fundamentais (vivenda, sanidade, educación e homologación de estudos, dereitos laborais, etc.). Recóllese esta necesidade como reflexo da insuficiencia dos servizos públicos que, por norma xeral, non alcanza para dar unha resposta efectiva a estes grupos.

Os temas de consulta e asesoramento máis recorrentes foron os derivados das solicitudes de autorizacións de residencia e traballo por arraigamento social ou laboral e o asesoramento do proceso posterior á denegación da solicitude de protección internacional.

Polo que respecta ao tempo invertido o tema que máis abrangue é o relativo ás solicitudes de autorizacións, pois son necesarias varias reunións para a solicitude da documentación, a súa revisión e a súa presentación.

Cabe sinalar que dende o mes de xullo o servizo continuouse sen a financiación recibida ata ese momento dos fondos da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia. O servizo era (e é) tan esencial que grazas a un esforzo económico e sobre todo persoal conseguimos manter o atención continuada durante todo o ano

Na oficina de Sos Racismo de A Coruña, destináronse a este servizo de asesoramento en estranxeiría 30 horas semanais durante o ano 2022. En total, o número de persoas atendidas no 2022 foi de 478. Deste total as mulleres atendidas constituíron aproximadamente o 54% do total.

Na oficina de SOS Racismo en Vigo, destináronse a este servizo de asesoramento en estranxeiría 20 horas semanais. O número de persoas atendidas no 2022 foi de 397. Deste total, o 61% eran mulleres.

FINANCIACIÓN



Aínda que os recursos propios da entidade (procedentes da masa social e doazóns de particulares) seguen a representar unha porcentaxe pequena fronte as axudas públicas que recibimos, este ano 2022 incrementáronse con respecto ao ano anterior de maneira importante. Estas aportacións creceron un 53%, e aínda así representaron soamente un 5% dos ingresos recibidos para facer fronte aos proxectos levados a cabo.

Estes ingresos, como sempre, axúdannos a facer fronte a todos eses gastos que non é posible financiarlos con axudas públicas, principalmente gastos financeiros, gastos imprevistos á marxe do traballo diario dos proxectos...; e que nos permiten conservar a estrutura mínima necesaria para mantermos.

O financiamento dos proxectos foi recibida a través das convocatorias públicas de subvencións de diferentes ámbitos de financiación. Da Unión Europea percibimos financiación do Fondo Social Europeo e do Fondo de Asilo, Migración e Integración, a través da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia. Do estado español, con proxectos que compartimos coa Federación de Sos Racismo, da “Secretaría General de Integración y Orientación”. E por último, do Concello de A Coruña a través de dous convenios nominativos.



Como é habitual as necesidades financeiras foron cubertas por Coop 57, Cooperativa de Crédito Ética e Solidaria á que pertencemos. Xa que é grazas a ela con adiantos de subvencións e/ou pólizas de crédito como poñemos remedio ao pago con demora que segundo a tipoloxía, prodúcese, nalgunhas subvencións.

